



Expediente IET: P-20-593
Proxecto: Parque eólico Monte Peón
Concello: A Lama (Pontevedra)
Promotor: Naturgy Renovables, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Por medio dun escrito que tivo entrada o 14/10/2020 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto referido no encabezamento, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Marco legal:

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano substantivo debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

Este informe emítese de acordo co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e co artigo 32 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio), en relación coas competencias establecidas no artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, na redacción establecida pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 28 dos estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, na redacción establecida polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Monte Peón, de 12,60 MW, composto por 3 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora, edificio de control e torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,2 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de



154 metros e 138 metros de diámetro de rotor. O centro de control do parque e a parte cuberta da subestación localizaranse nun mesmo edificio cunhas dimensións en planta de 23,85 x 11,70 metros e 3,50 metros de altura. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 154 metros. Os camiños proxectados terán unha lonxitude de 2.119 metros e 5 metros de anchura mínima, dos cales 1.889 metros serán de nova construción e 230 metros de camiños existentes que serán necesarios acondicionar.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento anexo, no que se fai unha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, analízase a calidade e a fragilidade visual, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores (incluíndo simulacións fotográficas), identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas de integración paisaxística propostas para minimizalos.

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Rías Baixas, na comarca paisaxística Vigo Prelitoral.

Os aeroxeradores do parque sitúanse, aproximadamente, a uns 2 km ao sur da área de especial interese paisaxístico do Catálogo, AEIP-08-12 Serra do Cando e a uns 3 km ao norte da AEIP-08-15 Serra do Suído. Máis lonxe, a uns 7,5 km ao noroeste aparece a AEIP-08-11 Val do alto Almofrei, e a 8,3 km ao suroeste a AEIP-08-14 Río Oitavén. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o Miradoiro da Castrelada, a uns 6 km ao oeste, o Miradoiro do Sagrado Corazón, a uns 7 km ao noroeste, e o miradoiro de Pena Aranda a uns 7,6 km ao suroeste. Máis lonxe aparecen o do Alto da Cruz do Seixo, a uns 8,5 km ao norte, e o do Monte Sisalto a uns 8,7 km ao noroeste.

En relación a outros elementos do Catálogo, a uns 4 km ao oeste discorre o PR-G 109 Ruta das Almiñas e o Foso do Lobo, e a uns 2,7 km ao norte o PR-G 135 Roteiro da Escuadra.

De acordo co Catálogo das paisaxes, as infraestruturas do parque eólico localízanse en zonas de visibilidade baixa e media.

O parque eólico sitúase nun cordal conformado por unha sucesión de cumios redondeados dispostos seguindo unha dirección nordés-suroeste e separando as cuncas dos ríos Verdugo ao norte e Oitavén ao sur. Trátase dunha zona de relevo ondulado de montes onde predominan as coberturas de matogueira e rochedo, aparecendo plantacións de especies forestais de aproveitamento madeireiro, piñeiros e eucaliptos, e bosques de vexetación autóctona nas beiras das canles fluviais. Os núcleos de poboación máis próximos ao parque localízanse principalmente na vertente norte, no val do río Verdugo. As estradas de maior entidade próximas ao proxecto son as autonómicas PO-241 e PO-235 e as provinciais EP-0303, EP-0304 e EP-0305.

Segundo a documentación do proxecto, nun radio de 15 km de distancia aos aeroxeradores, actualmente atópanse en funcionamento ou autorizados 8 parques eólicos, situándose o máis próximo a uns 2,2 km ao suroeste. Ademais dos anteriores existen outros 11 proxectos en tramitación, dos cales o máis próximo localizarase a uns 1,2 km do PE Monte Peón.





4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP presentado inclúe os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, polo que formalmente pode considerarse completo e axeitado á entidade do proxecto.

Para a determinación dos impactos sobre a paisaxe, o EIIP inclúe gráficos das cuncas visuais desde cada un dos aeroxeradores e un plano da cunca visual para o conxunto do parque. Ademais, realízase unha análise da afección visual tomando como puntos de observación os núcleos de poboación da contorna e a capela da Nosa Señora das Ermitas, situada a uns 641 metros do aeroxerador MP-03 e a uns 1.651 metros do MP-01, completándose o estudo con fotografías e infografías nas que se amosa a visibilidade do parque desde as poboacións máis próximas e dende a capela mencionada anteriormente. Tamén se analiza a visibilidade dende as áreas de especial interese paisaxístico, concluíndo que a visibilidade é alta dende a AEIP-08-12 Serra do Cando e a AEIP-08-15 Serra do Suído dada a proximidade á que se sitúan os aeroxeradores, se ben na contorna das mesmas xa existen outros parques eólicos en funcionamento.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores formando unha aliñación no cumio dunha serra, o que lle confire unha elevada visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, nin afecta a miradoiros, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. Non obstante, as infraestruturas do parque localízanse próximas aos bordos exteriores da AEIP-08-12 Serra do Cando e da AEIP-08-15 Serra do Suído, situándose os aeroxeradores e a subestación a distancias entre 2 e 3 km, polo que a visibilidade será alta nos sectores sur e noroeste, respectivamente, destas áreas.

Os principais impactos visuais produciranse debido á distancia á que se sitúa o parque respecto aos núcleos de poboación, posto que existen distintos asentamentos próximos ás infraestruturas, algún deles a menos dun quilómetro, como son os de A Porteliña, O Puzo, O Cotiño, Os Carreiros, Antas, A Puza da Ran, O Calvario, O Ramallal ou A Vila do Cabo. Dende estes lugares serán visibles total ou parcialmente as infraestruturas do parque provocando unha certa incidencia paisaxística dadas as dimensións que acadan as máquinas e a súa localización nas elevacións que conforman os fondos escénicos dos núcleos. Os aeroxeradores serán visibles, ademais, dende o núcleo urbano de A Lama que se atopa a menos de 2 km ao suroeste do parque. Respecto á capela da Nosa Señora das Ermitas, cabe indicar que a carballeira que rodea o santuario actuará de barreira natural reducindo a visibilidade das infraestruturas do parque.

Así mesmo, a presenza doutros parques na contorna, en funcionamento ou en fase de tramitación, provocarán un efecto acumulativo na paisaxe diminuíndo a calidade visual e estética destas serras.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística centradas no deseño do parque (trazado dos camiños, localización dos aeroxeradores en zonas nas que se minimicen os movementos de terras e que presenten unha menor calidade paisaxística), na actuación sobre os camiños cubrindo a superficie final con saburra propia da zona para atenuar a súa visibilidade, na adecuación do acabado externo da subestación ás construcións tradicionais da zona e nas medidas de recuperación e restauración dos terreos afectados polo proxecto.



5. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 25 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

Os principais impactos sobre a paisaxe derivan da proximidade dos aeroxeradores aos núcleos de poboación, o que sumado ás dimensións que acadan as infraestruturas nestas zonas elevadas e aos efectos acumulativos dos outros parques en funcionamento ou proxectados, provoca unha importante incidencia visual na contorna.

As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar os impactos do proxecto, se ben para asegurar unha mellor integración paisaxística recoméndanse adoptar os seguintes criterios e recomendación:

- No caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.
- Deberase minimizar a afección aos afloramentos rochosos que aparecen na ladeira sur do lugar de implantación do parque, especialmente na posición do aeroxerador MP-03, posto que os mesmos constitúen elementos naturais singulares na composición das paisaxes engadindo riqueza ás escenas nesa contorna.
- Respecto á subestación, dada a súa localización próxima ao trazado da estrada provincial EP-0303, sobre unha ladeira parcialmente cuberta por vexetación arbórea, recoméndase completar a barreira vexetal con especies autóctonas e propias da contorna para mitigar a visibilidade e acadar unha adecuada integración paisaxística no medio rural na que se sitúa. Así mesmo, recoméndase aplicar os criterios da *Guía de cor e materiais* dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

